



ACLARACIÓN Á INSTRUCIÓN DA VICERREITORÍA DE IGUALDADE, CULTURA E DEPORTE SOBRE AS MEDIDAS A ADOPTAR EN RELACIÓN COA CELEBRACIÓN DOS CURSOS DE VERÁN PARA O CURSO 2020/2021

As actividades que teñan a consideración de Cursos de Verán oficiais da UDC para o curso 2020/2021 ao abeiro da Instrucción desta Vicerreitoría publicada o 16 de abril no Taboleiro de Anuncios da UDC e que se rexerán polo Regulamento dos Cursos de Extensión Universitaria da Universidade da Coruña (Consello de Goberno do 31/5/2017, modificado o 3/4/2018), poderán ser eximidas dalgún dos requisitos que sinala o dito Regulamento.

Unicamente se poderán acoller a isto no caso de actividades que sexan continuación de edicións celebradas en cursos anteriores no marco da correspondente convocatoria de Cursos de Verán.

Esta exención será valorada e autorizada pola Vicerreitoría de Igualdade, Cultura e Deporte.

Asinado dixitalmente na Coruña

Cristina López Villar

A vicerreitora de Igualdade, Cultura e Deporte

Código Seguro De Verificación	8yGf+j6SawcD6wht/wZ2aA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Cristina López Villar - Vicerr. de Igualdade, Cultura e Deporte	Asinado	21/04/2021 12:26:51
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/8yGf+j6SawcD6wht/wZ2aA==		

